

Gerald Debreu (Calais, 1921-París 2004)



Matemático e economista. Premio Nobel de Economía.

Graduouse en Matemáticas en 1945. Posteriormente interesouse pola economía, particularmente pola teoría do equilibrio xeral de Walras.

Traballou en diversas universidades americanas e europeas.

En 1954 publicou un artigo fundamental na historia da Economía, *Existence of an Equilibrium for a Competitive Economy* (existencia de equilibrio nunha economía competitiva), xunto a K. Arrow.

En 1959 publicou *Theory of Value* (teoría do valor).

Os seus estudos posteriores centráronse na teoría de funcións de utilidade diferenciables e cóncavas.

En 1976 recibiu a «Lexión de Honra Francesa».

En 1983 recibiu o «Premio Nobel de Economía», polos seus traballos sobre equilibrio xeral en economías competitivas.